

Bloque 3. Tema 28.

A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller)

A construción do Estado liberal na España decimonónica provocou **profundas transformacións na súa estrutura social**. O século XIX será o do **ascenso da burguesía**, grupo social que acadará a hexemonía social e que conseguirá impoñer o liberalismo como novo sistema político e económico.

Os antigos grupos privilexiados da sociedade estamental do Antigo Réxime, como eran a nobreza e o clero, perden a súa posición hexemónica, pero a súa evolución foi distinta. A **nobreza perde os seus dereitos señoriais** (os privilexios fiscais e xudiciais), pero adáptase á nova situación, xa que conserva a titularidade do seu patrimonio. Así, moitos nobres **convértense en grandes propietarios**, pasando a ser unha sorte de burguesía (como é o caso da fidalguía rendista predominante en Galicia).

O **clero sufriu máis cambios, xa que perdeu moito patrimonio** coas desamortizacións, **moitos privilexios e, ademáis, decreceu en número**. A resposta da Igrexa foi a adopción de posturas moi conservadoras e tradicionalistas (o carlismo), e tratou de manter a súa ascendencia nunha sociedade que era eminentemente católica e que, polo tanto, podía ser influída. Durante o reinado de Isabel II, o clero mantén certas ventaxas, xa que grazas ao Concordato de 1851 a Igrexa consegue o monopolio do ensino e da censura, así como unha forte financiación por parte de Estado. Peores condicións tería o clero durante o Sexenio Democrático, coa liberdade de cultos, o que explica a súa labor contra os réximes destes período e a alianza co sistema da Restauración borbónica.

Dentro dos **grupos non privilexiados do Antigo Réxime** tamén houbo cambios. **Os campesiños seguían sendo os máis numerosos**, e así se mantiveron ata ben entrado o século XX debido á débil industrialización española. A servidume extínguese co triunfo de liberalismo, pero a nova situación do campesiñado variará moito dependendo do réxime de propiedade da terra. Na zona sur de España predominaba o **latifundismo**, o que provocou que os campesiños se convertiran en **xornaleiros**, en boa medida a causa das desamortizacións (sobre todo a de Madoz), que eliminaron as terras comunais das que obter recursos. A situación deste proletariado agrícola era moi mala, e estaban obrigados a traballar só de xeito estacional. A súa situación miserable levou a moitos destes xornaleiros a vencellarse ao anarquismo como vía revolucionaria para acabar coa súa

situación de extrema pobreza. Bastante diferente era o caso do *campesiñado na zona norte*, sobre todo en lugares como Galicia ou Cataluña, *co sistema foral e a rabassa morta*, respectivamente. Estes sistemas xeraban que, aínda que o campesiñado *non posuira a propiedade da terra, tiña certos dereitos sobre ela*, polo que a súa situación era mellor ca nos latifundios. Aínda así, a necesidade de acadar a propiedade das súas terras levou á formación de movementos como o agrarismo galego, que finalmente acadarán ese obxectivo. Debido á súa situación, estes campesiños eran moito máis conservadores, e a redención dos foros e a súa conversión en propietarios agudizará esta tendencia.

Pero os protagonistas desta época, **as novas clases antagónicas**, serán a burguesía e o proletariado. A **burguesía**, motor de todas as revolucións liberais, estaba integrada principalmente por *comerciantes, financeiros, industriais profesionais liberais e clases propietarias* en xeral. En España, nun primeiro momento, *non era moi numerosa*, o que a levou a ter un *espírito pouco emprendedor*, tendente ademáis a imitar as formas de vida da nobreza, salvo *excepcións como o caso das burguesías catalá e vasca, moi activas no desenvolvemento industrial e financeiro*. Dentro da burguesía hai que distinguir dous grupos: a *alta burguesía* (que conformaba, xunto coa nobreza máis rica, a oligarquía do país, que detentou o poder político e social) e as *clases medias* (que medraban en paralelo ao desenvolvemento urbano. Moitas veces excluídas do sistema político pola oligarquía, estas clases medias tiveron tendencia a defender reformas progresistas que actuaron como oposición aos réximes máis oligárquicos).

Pola súa banda, o **proletariado** era *moi escaso nun principio* a causa da débil industrialización española, aínda que foi crecendo ao tempo que esta se desenvolvía. Este novo grupo, maioritariamente urbano, vai sufrir unhas condicións de vida moi duras, sendo sometido a longas xornadas laborais e salarios moi baixos. Para acabar con esta situación, este proletariado *foise organizando no movemento obreiro*, principalmente en grupos anarquistas e marxistas, aínda que con certo peso tamén do sindicalismo católico. Ante a súa situación de miseria e de ausencia de dereitos no novo sistema capitalista, nun primeiro momento optaron por facer unha serie de reivindicacións de carácter reformista, pasando despois a facer reclamacións de tipo revolucionario (vencelladas aos citados socialismo e o anarquismo).

A relación entre as clases medias burguesas e o proletariado foi ambivalente, xa que ás veces aliábanse en contra da opresión da oligarquía, mentras que outras estaban enfrontados, aliándose as clases medias coa oligarquía para frear as reivindicacións do movemento obreiro.

Mención aparte merece o **papel da muller**, que ao longo do século XIX *non sufriu apenas transformacións relevantes* na situación herdada do Antigo Réxime. Seguía tendo un papel que,

aínda sendo fundamental, estaba relegado a un segundo plano pola sociedade. As mulleres cargaban co peso das familias e das economías domésticas, pero estaban consideradas inferiores aos homes, polo que as súas oportunidades e dereitos estaban moi limitados, e estaban sometidas á autoridade dos pais ou dos maridos. *O seu rol básico era o do ámbito doméstico*, coa crianza dos fillos e o mantemento do fogar, *ou de coidadoras*, aspecto fundamental para que outras actividades reservadas aos homes puideran desenvolverse. As profundas transformacións que o liberalismo xerou non remataron coa discriminación das mulleres, que ademáis afectaba a varios eidos. *A nivel biolóxico* eran consideradas inferiores aos homes. *A nivel xurídico* estaban discriminadas no Código Penal, no Código Civil e no Código de Comercio, e mantiñanse sometidas á autoridade do home nas accións legais e comerciais. *A nivel político* non se lle recoñecía ás mulleres o dereito ao voto malia os inicios da loita sufraxista (de feito, este dereito non o obterían ata a II República), e en España non aparecerá a primeira asociación feminista ata 1918 (a Asociación Nacional de Mujeres Españolas). *A nivel laboral*, as mulleres obreiras cobraban un salario entre un 30 e un 60% máis baixo que os homes, cunhas xornadas ás veces máis longas, e cabe salientar que noutros tipos de traballo (oficinas, educación) a incorporación da muller foi moi lenta e de modo parcial.

A capacidade de acceso ao ensino da muller era moi limitada; nas clases altas e medias era reducida, pero nas clases máis baixas era nula. Como a educación era considerada clave para mellorar a situación das mulleres no século XIX, este aspecto foi clave en moitos discursos en prol dos dereitos femininos, destacando figuras como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal. A Institución Libre de Enseñanza, inspirada no krausismo, tamén se sumou a esta iniciativa de expandir o ensino das mulleres, creando en 1874 a Asociación por la Enseñanza de la Mujer.

Malia os pequenos avances, haberá que agardar ata o século XX para que o movemento feminista gañe certa forza e acade algunha das súas reivindicacións, aínda que moitos sectores, sobre todo os máis tradicionais, opuxéronse.

A modo de **conclusión** podemos afirmar que, aínda que a *igualdade xurídica* introducida polo liberalismo e a burguesía (clase social protagonista do século XIX) foi clave para acadar maiores cotas de igualdade, a *desigualdade económica* seguía sendo moi forte, así como a existente *entre homes e mulleres*.